



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2024-12

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

26 de Xuño de 2024

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

12:18

Hora de Finalización

12:29

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

LUCIA GIL CID
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

MEMBROS AUSENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 12.06.2024 (ACTA 2024/11)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º CERTIFICACION NUM. 1, LIQUIDACION DA OBRA "PAVIMENTACION NA RUA DA FONTE, EN NOCEDO DO VAL", OBRA DE SUBVENCION NOMINATIVA DA DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE.

O Sr. Alcalde, lembra aos presentes a **subvención nominativa** concedida por acordo da **Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial** de Ourense, de data **11 de marzo de 2024**, para a obra "**Pavimentación na rúa da Fonte en Nocedo do Val**"

A continuación, pasa a dar conta ós presentes da **certificación núm.1, liquidación** da devandita obra de "**Pavimentación na rúa da Fonte en Nocedo do Val**", financiada pola Deputación Provincial de Ourense, por un importe total de **39.949,36 euros**, suscrita pola directora das mesmas, **Crisitina Sabariz Rúa**, arquitecto Colexiada núm 2963, do COAG, de **26 de xuño de 2024**.

Examinada a mesma e atopada conforme, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar a referida **certificación núm. 1, liquidación** da obra denominada





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

“**Pavimentación na rúa da Fonte en Nocedo do Val**” financiada pola Deputación Provincial de Ourense por un importe total de **39.949,36 euros**, suscrita pola directora das mesmas, **Cristina Sabariz Rúa**, nos termos nos que se atopa redactada.

SEGUNDO. Recoñecer e liquidar a obriga derivada da súa aprobación, a favor do adxudicatario da obra; e consecuentemente, **aprobar a factura:**

- Núm. **A/92 de EXCAVE 2000, S.L. de data 26.06.2024**, correspondente a certificación núm 1, da obra “**Pavimentación na rúa da Fonte en Nocedo do Val**”, por importe de **39.949,36 euros**.

TERCEIRO. Declarar que se **cumpliu á finalidade** para a que se concedeu a subvención; **facer constar** expresamente que **por parte da Intervención tomouse razón na contabilidade**, en fase de recoñecemento da obriga, do gasto derivado da contratación da obra; que o **importe certificado acada o 99,87% da subvención** que se concedeu; e **declarar**, ademais, que na tramitación e **contratación** das obras **cumpríuse a normativa de aplicación** no ámbito local e, especificamente, a que rexe nos contratos do sector público.

CUARTO. Declarar que a actuación desenvolvida non precisou de autorizacións sectoriais para a súa realización.

QUINTO. Consecuentemente, **aprobar a conta xustificativa** da actuación nos termos recollidos nos catro apartados anteriores deste acordo.

3º. CERTIFICACION NUM. 1, LIQUIDACION DA OBRA "RENOVACION DE FIRME NA RUA TRASCARREIRA, EN CASTRELO DO VAL", OBRA DO PLAN COOPEROU 2024.

O Sr. Alcalde inicia o tratamento deste punto da Orde do día, lembrando que de acordo coas **Bases** para a elaboración e execución do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais de **2024**, (**BOP núm. 290, do 20.12.2023**), foi a **Xunta de Goberno**, na súa **sesión do 16.01.2024** quen acordou solicitar da Deputación os diferentes investimentos e actuacións a realizar por parte do Concello con cargo ao devandito Plan.

Polo que respecta ao programa de investimentos, unHa das dúas actuacións aprobadas é:

Denominación: **Renovación de firme en Rúa Trascarreira**

Orzamento total **27.003,86 euros**.

Achega provincial: **27.003,86 euros**.

A continuación, pasa a dar conta ós presentes da **certificación núm.1, liquidación** da devandita obra de "**Renovación de firme en Rúa Trascarreira**", financiada pola Deputación Provincial de Ourense, por un importe total de **27.003,86 euros**, suscrita pola directora das mesmas, **Crisitina Sabariz Rúa**, arquitecto Colexiada núm 2963, do COAG, de **26 de xuño de 2024**.

Examinada a mesma e atopada conforme, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

PRIMEIRO. Aprobar a referida **certificación núm. 1, liquidación** da obra denominada "**Renovación de firme en Rúa Trascarreira**" financiada pola Deputación Provincial de Ourense por un importe total de **27.003,86 euros**, suscrita pola directora das mesmas, **Cristina Sabariz Rúa**, nos termos nos que se atopa redactada.

SEGUNDO. Recoñecer e liquidar a obriga derivada da súa aprobación, a favor do adxudicatario da obra; e consecuentemente, **aprobar a factura:**

- **Núm. 24/027 de DINOR, S.L. de data 25.06.2024**, correspondente a certificación núm 1, da obra "**Renovación de firme en Rúa Trascarreira**", por importe de **27.003,86 euros**.

TERCEIRO. Declarar que se **cumpliu á finalidade** para a que se concedeu a subvención; **facer constar** expresamente que **por parte da Intervención tomouse razón na contabilidade**, en fase de recoñecemento da obriga, do gasto derivado da contratación da obra; que o **importe certificado acada o 100 % da subvención** que se concedeu; e **declarar**, ademáis, que na tramitación e **contratación** das obras **cumpríuse a normativa de aplicación** no ámbito local e, especificamente, a que rexe nos contratos do sector público.

CUARTO. Declarar que a actuación desenvolvida non precisou de autorizacións sectoriais para a súa realización.

QUINTO. Consecuentemente, **aprobar a conta xustificativa** da actuación nos termos recollidos nos catro apartados anteriores deste acordo.

4º. SOLICITUDE DE ACTUACIONES NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION AS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DA DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EJERCICIO 2024 - AMPLIACION DE CREDITO.

Logo de ver a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio **2024 (BOP núm. 120, do 21.06.2024)** por **ampliación de crédito** que acordou o Pleno da Deputación con data 31.05.2024, así como a documentación que se elaborou, a Xunta de Goberno Local, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Solicitar a inclusión no **Programa de investimentos** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024, cunha achega provincial polo importe total de **8.544,53 €** e sen achega municipal, dos seguintes investimentos:

- **Abastecemento, saneamento e pavimentación en Rúa Canceliña, en Nocedo do Val.**

Orzamento total: 8.544,53 €

Achega Provincial: **8.544,53 €**

Achega municipal: 0,00 €

SEGUNDO: Solicitar a inclusión no **Programa de gasto corrente e amortización de débeda** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Ourense para o exercicio 2024, cunha achega provincial polo importe total de **12.816,79 €** e sen achega municipal, das seguintes actuacións:

- Retribucións de persoal:

Orzamento total: 12.816,79 €

Achega provincial: **12.816,79 €**

achega municipal: 0,00 €

TERCEIRO: Aprobar a memoria descritiva dos investimentos e actuacións para incluír na **AMPLIACIÓN DE CRÉDITO** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio **2024**, que se achega como anexo do presente acordo.

5º. DETERMINACION DO PERIODO VOLUNTARIO DE COBRANZA 2024 DO IMPOSTO DE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA; DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONOMICAS; DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATURALEZA URBANA, RUSTICA E DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS; E DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Determinar que entre o día **1 de agosto e o 1 de outubro de 2024**, ambos incluídos, queda aberto neste Concello o período voluntario de cobranza de tributos que seguidamente se detallan:

Conceptos tributarios do exercicio de **2024** a cobrar:

- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (**IVTM**)
- Imposto de actividades económicas, (**IAE**, cotas municipais e provinciais)
- **IBI** de natureza **Urbana**.
- **IBI** de natureza **Rústica**.
- **IBI** de características **especiais**.
- **Taxa** pola recollida de **lixo**.

SEGUNDO: Que o cobramento farase de acordo có seguinte:

Datas e lugares de cobro.

Na Casa do Concello de Castrelo do Val, en horario de 9.30 ás 13.30 horas, os días **3 e 4 de setembro**.

O resto dos días do período de cobranza, do 1 de agosto ata o 1 de outubro é de luns a venres, **excepto o 3 e 4 setembro**, nas oficinas do Servizo de Recadación da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, en horario de 9.00 a 14.00 horas (están situadas as oficinas do Servizo de Recadación na rúa do Castro, 4. baixo dereita, Verín).

Con carácter xeral, pódese utilizar como forma de pagamento a domiciliación bancaria.

As débedas tributarias non satisfeitas no período voluntario de cobranza que queda fixado do **01/08/2024 ó 01/10/2024** ámbos incluídos, serán esixidos polo procedemento de constrinximento coa porcentaxe de recarga que proceda en cada caso sobre o importe, xuros de mora e, de selo caso, as custas que poidan producirse.





TERCEIRO. De conformidade co disposto no artigo 68 do Regulamento xeral de recadación aprobado polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, publíquese o presente acordo mediante inserción do correspondente edicto no BOP de Ourense, tablón de edictos do Concello, sede electrónica e anuncios nos lugares habituais.

6º. PROXECTO DE ORGANIZACION, BASES E TARIFAS DA ACTIVIDADE CHAMADA "XOGAMOS, RIMOS, IGUALAMOS, VERAN 2024"

De conformidade coa normativa aplicable contida nos artigos 41 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e 24 e seguintes da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos; e en virtude do acordo do Pleno do Concello de data **22 de xuño do 2023**, mediante o que se delegou nesta **Xunta de Goberno Local** a competencia para o **establecemento ou modificación dos prezos públicos**.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMERO. Aprobar o proxecto de organización, o orzamento e as bases da actividade denominada "**Xogamos, rimos. igualamos Verán 2024**", coas seguintes condicións:

- a) Duración: Desenvolverase desde o día **1 de xullo ata o 31 de agosto de 2024**.
- b) Inscripción dos participantes, cos criterios de preferencia, que, por orde de prioridade, son os seguintes:
 - Prioridade de usuarios empadronados no Municipio sobre os non empadronados.
 - Prioridade segundo a orde temporal de presentación de solicitudes.Logo de iniciarse a prestación do servizo ao usuario, terá carácter definitivo, polo que non poderá deixar de prestarse.
- c) Requisitos de inscrición: Terá que facerse constar o nome, apelidos, N.I.F. e teléfono de contacto do pai, nai, tutor, gardador ou representante legal do menor de idade, así como a identidade do menor de idade que disfrutará do servizo, aportando xustificante de pagamento da inscrición e certificación de empadronamento, en caso de ser necesario. O solicitante do servizo terá que incluír todos os datos nun documento tipo, no que se fará constar a autorización de cesión de dereitos de imaxe dos menores, para a súa publicidade, no caso de que se realicen reportaxes fotográficos ou audiovisuais de calquera tipo, en relación ao servizo ou actividade prestado.
- d) Grupos: Haberá un único grupo de nenos, con idades comprendidas entre os **3 e os 11 anos**.
- e) Prazas dispoñibles: Inicialmente un **máximo de 35 nenos**.
- f) Número de monitores: **1 monitor por cada oito nenos**.
- g) Renuncia de prazas: no suposto de renuncia, logo de iniciarse a prestación do servizo, porase este feito, telefónicamente, en coñecemento do seguinte solicitante en lista de espera, se o houbera segundo os criterios de preferencia anteriormente establecidos, na asignación de prazas, para exercer seu dereito a reserva de praza, se o estima oportuno, e así, sucesivamente, ata cubrir a totalidade das prazas vacantes.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

SEGUNDO. Acordar a fixación das seguintes condicións económicas para a prestación do servizo:

a) Tarifa:

	NON empadronados	Empadronados
Un mes	80,00 €	80,00 €
Os dous meses	150,00 €	150,00 €

b) Obrigados ao pago: Pais, tutores, gardadores ou representantes legais do menor de idade, presumíndose, a tódolos efectos, que reúnen esta condición os que solicitan a prestación do servizo.

c) Momento do pago:

- Esixirase a anticipación ou depósito previo da totalidade do importe, en concepto de reserva de praza, e, como moi tarde, no momento de iniciarse a prestación do servizo.
- Queda prohibida a iniciación da prestación do servizo sen terse abonado as tarifas correspondentes.

d) Medio de pago: haberá de realizarse mediante ingreso, nas contas correntes bancarias, de titularidade municipal, abertas na entidade Abanca e La Caixa

e) Devolución:

1º). Supostos en que procede a devolución.

- Procederá cuando o servizo ou actividade non se preste, por causa non imputable ao obrigado ao pago, puidendo deducirse a contía proporcional ao tempo de prestación efectiva do servizo.
- No caso de que se realice a inscrición e, posteriormente, se desexe renunciar, libre e voluntariamente a ela, non procederá a devolución do importe, salvo circunstancias extraordinarias de carácter benéfico-asistencial, sanitario, educativo ou socio-cultural, que haberán de ser apreciadas, mediante informe do Servizo Municipal de Técnico Local de Emprego e Desenvolvemento Local.

2º). Cantidades obxecto de devolución.

- A parte prorrateada da tarifa, correspondente ao tempo de prestación do servizo que se disfrutou ou se puido ter disfrutado, en ningún caso será obxecto de devolución, ao ter estado o servizo a disposición do usuario.
- A parte prorrateada da tarifa correspondente ao tempo que falla para finalizar a prestación do servizo e aínda non disfrutado, poderá ser obxecto de devolución nos casos sinalados no número anterior desta letra, sempre e cando a praza que quede vacante poida ser cuberta por outro usuario, que asuma o pago da contía prorrateada restante da matrícula.

TERCEIRO. Executar a actividade mediante xestión directa por contratación laboral temporal do persoal preciso para o desenvolvemento do programa.

CUARTO. Ordenar a realización de todas as actuacións que resulten necesarias, para a financiación dos gastos de organización e para dar efectividade as previsións de ingresos, asumindo este Concello, se fora o caso, a parte dos gastos non cuberta, de conformidade có presuposto elaborado.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

